

ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL AS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ Persoal

Procedemento selectivo de nomeamento de persoal do Programa de Integración Laboral

ANUNCIO

Expediente n.º 2021/E001/000004

Mediante o Decreto 545/2021, do 11 de marzo, a concelleira-delegada da Área de Recursos Humanos, Industria e Emprego efectuou a convocatoria e aprobou as bases reguladoras do proceso selectivo que se indica a continuación, no marco da Cuarta Fase do Programa que igualmente foi obxecto de aprobación.

A parte dispositiva da dita resolución e as bases da convocatoria son do teor literal seguinte:

“1.º) Aprobar a CUARTA FASE DO PROGRAMA DE ACTUACIÓN INTENSIVA EN DETERMINADOS SERVIZOS (ANO 2021), dando continuidade ás actuacións das fases precedentes, no marco do Programa de Integración Laboral 2021 (PEL-CONCELLOS-REACTIVA 2021).

2.º) Efectuar a convocatoria do proceso selectivo encamiñado ao nomeamento como funcionarios/as interinos/as do persoal encargado de levar a cabo as actuacións do programa.

3.º) Aprobar as seguintes

BASES QUE REXERAN O NOMEAMENTO COMO FUNCIONARIOS INTERINOS DE PERSOAL DO PROGRAMA DE INTEGRACION LABORAL MEDIANTE EXECUCIÓN DE OBRAS E SERVIZOS MÍNIMOS MUNICIPAIS (PROGRAMA DE INTEGRACIÓN LABORAL 2021) NO MARCO DO PROGRAMA TEMPORAL APROBADO POR DECRETO 794/2018, de 7/06/2018.

1.-Obxecto da convocatoria.

O obxecto da presente é dar cobertura ao proceso de selección de dezanove peóns (19) para dar cumprimento ás condicións esixidas na subvención concedida ao Concello en relación co programa de integración laboral mediante a execución de obras e servizos mínimos municipais dos concellos da provincia de menos de 20.000 habitantes. Anualidade 2021 (BOP n.º 29, do 12/02/2021).

O Concello das Pontes levará a cabo o proxecto, que ten como obxecto realizar distintas actuacións no termo municipal, así como garantir a cobertura dos servizos públicos esenciais para o cidadán.

Para o desenvolvemento deste programa é preciso cubrir as prazas que se consideran necesarias e adaptadas a él, segundo as dispoñibilidades orzamentarias que se prevén na citada subvención. Isto é, o nomeamento do persoal sinalado na base Dúas (2), persoal en todo caso inscrito no Servizo Público de Emprego de Galicia, conforme á natureza das Bases do referido programa provincial. O Concello deberá realizar o nomeamento do persoal unha vez que queda acreditada a condición de demandantes de emprego das persoas a nomear e de acordo cos principios de publicidade, concorrencia, igualdade, mérito e non discriminación.

O ámbito de actuación que define o programa é o seguinte: “Plan de integración laboral do Concello das Pontes”, mediante o “Programa temporal de actuación intensiva en determinados servizos municipais que incluíra o mantemento de edificios e espazos públicos municipais, entendendo como tales os espazos exteriores propiedade do Concello e os edificios”. Este programa está artellado a medio de Decreto da Concellería Delegada número 794/2018, de 7/06/2018.

Polo Decreto da Alcaldía 1287/2014 decláranse sectores prioritarios ou que afectan ao funcionamento dos servizos esenciais, entre outros o do mantemento dos edificios municipais, o que abrangue a súa limpeza.

En relación ao establecido no artigo 4.1a do RD 896/1991, as prazas corresponden á seguinte clasificación:

Escala: Administración Especial; Subescala: Servizos Especiais; Clase: Persoal de Oficios.

Grupo de titulación: Agrupacións Profesionais (extinto grupo E).

Denominación: peóns.

Nivel de complemento de destino: 11 (260,20 €/mes).

Complemento específico: 671,52 €/mes.

As persoas seleccionadas non percibirán o complemento de produtividade.

2.-Período e modalidade de adscrición: cinco meses. Modalidade: funcionarios/as interinos por programa. As contías especificadas na base anterior serán reducidas proporcionalmente á modalidade de xornada, debido a que a adicación será a tempo parcial (25 horas semanais, correspondente ao 67% da xornada) .

Número de prazas: 19 peóns. A incorporación ao servizo produciráse en dúas quendas:

- Primeira quenda, do 5 de abril ao 4 de setembro de 2021: 9 traballadores.
- Segunda quenda, do 1 de agosto ao 31 de decembro de 2021: 10 traballadores.

Estas datas de inicio e fin son aproximadas.

3.-Sistema de provisión: concurso-oposición.

4.-Requisitos dos aspirantes:

4.1.

a) Ser de nacionalidade española. Tamén poderán concorrer as persoas que cumpran os requisitos establecidos no artigo 57 do texto refundido da Lei do estatuto básico de empregado público, aprobado polo Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro (TR-LEBEP).

b) Ter cumpridos os 16 anos de idade e non exceder da idade de xubilación forzosa.

c) Non padecer enfermidade ou eiva física que impida o normal exercicio da función. As persoas con algunha discapacidade deberán facelo constar na súa solicitude, sinalando se precisan de adaptación para realizar as probas. A condición de discapacitado e a súa compatibilidade acreditaráse con certificación da Delegación Provincial de Sanidade e Servizos Sociais.

d) Non estar incurso en causa de incapacidade ou incompatibilidade que determine a lexislación vixente.

e) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo do Estado, Comunidade Autónoma ou Administración Local, nin atoparse inhabilitado para o exercicio das funcións públicas.

f) Os nacionais dos demais estados membros da Unión Europea ou os daqueles que teñen subscrito Tratados referentes á libre circulación coa Unión Europea ratificados por España, deberán acreditar de modo fidedigno non estar sometido a sanción disciplinaria ou condena penal que impidan no seu Estado o acceso á función pública.

g) Deberase acreditar o coñecemento do idioma galego coa presentación dos cursos de formación CELGA 2 ou a súa validación. No caso de non presentar este requisito, deberán realizar unha proba oral de coñecemento do idioma. No caso de cualificarse como Non Apto, quedarán excluídos do proceso.

h) Titulación necesaria: sen titulación.

4.2. As persoas a nomear no programa deberán estar (alomenos nunha) nas situacións entre as recollidas nas Bases aprobadas pola Excmá Deputación Provincial para a financiación dos servizos mínimos municipais como incluídas en situación de exclusión laboral e que son as seguintes:

a) Mulleres.

b) Maiores de 45 anos.

c) Persoas con discapacidade: (discapacidade dun grao igual ou superior ao 33% recoñecida pola administración competente).

d) Persoas desfavorecidas que estean nalgunha das seguintes situacións: drogodependencia, vivir nun fogar no que ninguén teña emprego, persoas sen fogar, persoas con fogar monoparental/monomarental e persoas con problemas para atopar emprego polo idioma ou cuestións socioculturais.

e) Parados de longa duración. Aos efectos deste programa consideraránse como parados de longa duración aquelas persoas que leven máis de dous anos como mínimo como demandantes de emprego.

f) Persoas vítimas de violencia de xénero.

5.-Presentación de solicitudes.

5.1) As solicitudes, ás que se achegará a documentación xustificativa dos méritos que se valoran na convocatoria, así como a titulación correspondente á lingua galega, de ser o caso, e nas que se declarará o cumprimento das condicións establecidas, será dirixida ao Rexistro Xeral do Concello no prazo de cinco días hábiles, contados desde o seguinte ao do

anuncio da convocatoria no BOP. O horario de presentación no Rexistro do Concello é de luns a venres de 8.30 a 14.00 horas. Tamén se poderán presentar do xeito especificado no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP).

O modelo de solicitude publicarase na páxina web do Concello, xunto coa convocatoria, ésta a efectos informativos. Achegarase documentación xustificativa dos traballos efectivamente realizados, que pode incluír a vida laboral, pero que por sí mesma non acredita a índole dos mesmos. Para que o Tribunal poida valorar dita fase esíxese certificado de servizos no caso da Administración e documento semellante no caso da empresa privada.

5.2).–Rematado o prazo de presentación de instancias, a concelleira-delegada da Área de Recursos Humanos, Industria e Emprego ditará resolución, no prazo de cinco días, que se publicará no taboleiro de edictos do Concello e na páxina web, declarando aprobada a lista provisional de admitidos/as e excluídos/as, con indicación, se é o caso, das causas de exclusión e outorgando o prazo improrrogable de 10 días hábiles seguintes á publicación da dita resolución, para presentar as reclamacións oportunas ou emenda de defectos, nos termos do artigo 68.1 da LPACAP. De non existir persoas excluídas, aprobarase con carácter definitivo a lista de admitidos.

5.3) Transcorrido o prazo de emenda de defectos, a concelleira-delegada da Área de Recursos Humanos, Industria e Emprego declarará aprobada a lista definitiva de admitidos e excluídos, que se publicará no taboleiro de edictos do Concello e na páxina web do mesmo. Na citada resolución fixarase o lugar, data e hora de realización do primeiro exercicio e establecerase a composición do Tribunal Cualificador.

Posto que o programa vai dirixido ao persoal refrexado na base 4.2, as persoas aspirantes deberán acreditar esta situación no momento de presentar a instancia. O DNI debe figurar en todo caso, e deste xeito quedarían xustificadas os apartados a) e b) da citada base. Tódalas demáis circunstancias deben acreditarse cun informe emitido pola entidade que corresponda:

- Certificado de discapacidade da Administración -(apartado c); informes sociais -(apartado d), “persoas desfavorecidas–”.
- Presentación de tarxeta de demandante de emprego e informe de vida laboral, (apartado e) “parados de longa duración”.
- Sentenza xudicial firme no caso do apartado f). “persoas vítimas de violencia de xénero”, así como informe dos servizos sociais.

Tamén se presentará a documentación acreditativa dos méritos que se pretende sexan valorados e que figuran na base 7. A documentación a presentar será orixinal ou copia compulsada e a chegarase de tal xeito que poida ser valorada convenientemente polo órgano de selección.

6.–Tribunal.

Estará formado por un presidente, tres vogais, e un secretario, cos seus respectivos suplentes, e serán designados pola concelleira de Área de entre funcionarios de carreira ou persoal laboral fixo. O secretario deberá ser funcionario de carreira.

No caso de que non poida asistir o presidente, nin o seu suplente, asumirá tal condición o vogal de maior idade. De non poder asistir o secretario, nin o seu suplente, fará as súas veces o vogal de menor idade, sempre que sexa funcionario.

Na designación procurarase unha composición equilibrada entre mulleres e homes.

Todos os membros do Tribunal terán voz e voto e poderánse nomear asesores nas probas que se considere oportuno e/ou necesario.

Poderánse nomear, en todo caso, os asesores que a Comisión determine en función das probas que se realicen. Tódos os membros do Tribunal terán voz e voto.

7.–Criterios a valorar no proceso selectivo.

7.1. Fase de concurso: valoración de méritos.

a) Valorarase como mérito ter acabado favorablemente programas de capacitación, formación e integración no mundo laboral organizados ou financiados polas Administracións Públicas. A este apartado outorgaráselle unha puntuación de 2 puntos por cada programa rematado, ata un máximo de dous (2) puntos.

b) Valorarase como mérito ter traballado como peón na empresa privada ou Administración Pública.

b.1) 0,2 puntos por mes de servizo a tempo completo na Administración.

b.2) 0,1 puntos por mes de servizo a tempo completo na empresa privada.

O total deste apartado b) non superará o máximo de dous (2) puntos.

c) Entrevista curricular: ata un máximo de dous (2) puntos.

Acreditaráse este apartado do seguinte xeito: contrato de traballo, nomeamento, vida laboral ou calquera outro documento no que conste a índole dos servizos prestados. A vida laboral como único documento non será admitida, xa que non consta a natureza dos servizos prestados e soamente se valorarán aqueles que teñan por obxecto o da convocatoria: peón.

7.2. Fase de oposición.

A data, hora e lugar de celebración do exercicio, serán anunciados oportunamente na páxina web do Concello, así como no taboleiro de edictos, polo que os aspirantes non serán citados expresamente para a súa realización.

Consistirá na realización dun exercicio de carácter obrigatorio e eliminatorio, cuxo contido versará sobre unha proba práctica relativa a:

- Recoñecemento e manexo de ferramentas.
- Mantemento de mobiliario urbano.
- Limpeza e roza (desbroce) de beirarrúas.

A fase de oposición (exercicio práctico) é previa á de concurso, á que unicamente pasarán as persoas aspirantes que acadaron como mínimo dez (10) puntos na proba práctica, e acreditaron o nivel de galego esixido.

O tempo máximo de realización será de dez minutos e a puntuación máxima será de vinte (20) puntos, sendo eliminados os aspirantes que non acaden a puntuación mínima de des (10) puntos. O Tribunal propondrá aos candidatos a realización desta proba de xeito que se respeten os principios de igualdade, mérito e non discriminación.

7.3. Coñecemento do galego.

Os aspirantes que non acrediten o coñecemento do galego no nivel Celga 2 ou equivalente serán obxecto dunha proba específica de conversación, que se cualificará como de Apto ou Non Apto. A duración da proba non será superior a quince minutos. Serán eliminados os aspirantes que non acaden a puntuación de Apto. A Comisión Cualificadora propondrá aos candidatos a realización desta proba de xeito que se respeten os principios de igualdade, mérito e non discriminación.

8.-Selección dos aspirantes.

A cualificación final dos aspirantes será a suma das puntuacións obtidas na totalidade do proceso, publicándose o resultado por orde de maior a menor puntuación en cada especialidade (peóns e limpadoras). O Tribunal propondrá o nomeamento ao órgano correspondente dos aspirantes que acaden a maior puntuación. Determinarase tamén unha lista de espera, por orde decrecente de puntuación, cos aspirantes que, tendo superado o proceso, non acaden suficiente puntuación para seren propostos. Esta lista de espera, elaboraráse aos efectos de cubrir posibles vacantes que se produzan ou ausencias por desfrute de licenzas regulamentarias, necesidades do servizo, así como se se producira a baixa ou renuncia dos seleccionados. A publicación das listas realizarase no taboleiro de edictos, así como na páxina web do Concello. O rexeitamento da chamada provocará que o aspirante pase ao final da lista. En caso de empate, dilucidaráse o mesmo do seguinte xeito:

- 1.º) Maior puntuación na fase de oposición.
- 2.º) Maior puntuación na fase de concurso.
- 3.º) De persistir o empate, o mesmo resolverase mediante un sorteo.

9.-Publicidade.

A publicidade da convocatoria realizarase do xeito especificado na Base 5. A data, lugar e hora de realización das probas publicarase na páxina web do Concello.

10.-Presentación da documentación.

O aspirante seleccionado deberá presentar a documentación acreditativa do cumprimento das condicións esixidas na Base número 5, no prazo de tres días hábiles, a contar desde a publicación da lista coa puntuación final.

Cumpridos os anteriores requisitos, pola concelleira de Área procederase a acordar o correspondente nomeamento.

No caso das persoas integrantes da lista de espera, o prazo de tres días hábiles comezará a contar dende o chamamento.

11.-Reclamacións e recursos.

Contra as cualificacións de cada exercicio efectuado polo Tribunal poderán reclamar os interesados perante éste no prazo dos tres días seguintes ao de seren publicados.

Contra a proposta de aprobados, publicación de lista de espera, etc.. efectuada polo órgano de selección, poderá interpoñerse o recurso de alzada regulado nos artigos 121 e 122 da LPACAP, no prazo dun mes, perante a concelleira-delegada da Área de Recursos Humanos, Industria e Emprego.

Contra a Resolución da concelleira-delegada de nomeamento do aspirante seleccionado, lista de espera, etc., cabe interpor recurso potestativo de reposición perante o dito concelleiro no prazo dun mes; ou, directamente, recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, diante do Xulgado do Contencioso-Administrativo N.º 1 de Ferrol ou, á súa elección, o Xulgado da circunscrición na que teña o seu domicilio o demandante.

12.-Impugnación.

As presentes bases poderán ser impugnadas polos interesados nos casos e na forma previstos na LPACAP'

As Pontes de García Rodríguez, o 12 de marzo de 2021.

Ana María Pena Purriños

Concelleira-delegada da Área de Recursos Humanos, Industria e Emprego

2021/2059



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · Fax 981453185 · REL 01150709 · CIF P1507100D

Ref.: JMCA

CONCELLO DAS PONTES DE GARCIA RODRIGUEZ

SOLICITUDE PARA PARTICIPAR NAS PROBAS SELECTIVAS PARA PERSOAL FUNCIONARIO INTERINO DO PROGRAMA DE INTEGRACIÓN LABORAL 2021 (PEL-CONCELLOS-REACTIVA 2021).

I.- DATOS DA PRAZA

Denominación : PEÓN

Publicación da convocatoria: BOP núm. 49, do 15 de marzo de 2021

II.- DATOS PERSOAIS

D/a....., con DNI número

teléfono; correo electrónico.....

e domicilio para os efectos de notificacións en

termo municipal de

CP:

EXPOÑO:

1º) Que reúno todos e cada un dos requisitos esixidos na convocatoria (Base cuarta).

Así mesmo manifesto que me foi recoñecida unha minusvalía ou discapacidade, polo que solicito a adaptación que se achega polos motivos que se expresan (En folio á parte especificaranse os motivos da discapacidade e as adaptacións que solicita, cando proceda).

2º) Que me comprometo, no caso de obter a praza e dentro do prazo sinalado nas bases da convocatoria, a presentar os documentos relacionados nas mesmas e tomar posesión, así como cumprir os demais requisitos esixidos nas citadas bases.

SOLICITO:

Ser admitido/a á convocatoria citada, a fin de participar nas probas de selección correspondentes.

As Pontes de García Rodríguez, de de 2021

(Asdo)

O concello infórma-lle que os datos de carácter persoal que se lle requiren neste modelo ou impreso de solicitude serán tratados por esta entidade local co obxecto da tramitación do proceso selectivo e a xestión da lista de espera ou bolsa de traballo resultante. A licitude do tratamento está baseada no artigo 6.1.e) do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016 (no sucesivo, Regulamento xeral de protección de datos; en siglas RXPd); tratamento necesario para o cumprimento dunha unha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos conferidos ao responsable do tratamento. Non están previstas comunicacións de datos a terceiros agás obrigación legal, nin están previstas transferencias a terceiros países ou organizacións internacionais.

Os datos serán conservados durante o tempo necesario para cumprir coa finalidade para a que se solicitaron e para determinar as posibles responsabilidades que se puidesen derivar da devandita finalidade e do tratamento dos datos.

Poderá exercitar os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, así como limitación e portabilidade, cando procedan, ante o Concello das Pontes de García Rodríguez, Parque Municipal,s/n, C.P. 15320 – As Pontes de García Rodríguez – A Coruña, indicando no asunto: Ref. Protección de datos ou a través da sede electrónica <https://sede.aspontes.org/opencms/es/>.

Así mesmo poderá poñerse en contacto co Delegado de Protección de Datos a través do correo electrónico: lopd@aspontes.org. Se no exercicio dos seus dereitos a persoa denunciante non foi debidamente atendida poderá presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos (<https://sede.agpd.gob.es/sede-electronica-web/>).

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ

